



NORMATIVA PARA A REGULACIÓN DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL DE CAPÍTULO VI CON CARGO A PROXECTOS, AXUDAS, E CONVENIOS DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO.

(Aprobado en Consello de Goberno de 28/04/2022)

A investigación científica, como recolle o artigo 1.1 da Lei orgánica de universidades, constitúe unha das funcións esenciais da universidade que, ademais, é fundamento para a docencia e fonte de desenvolvemento económico-social a través da transferencia de resultados.

Nos últimos anos, a Universidade da Coruña incrementou notablemente a súa actividade investigadora e logrou financiamento externo a través de proxectos públicos competitivos, convenios e contratos de investigación. A contratación de persoal investigador, técnico ou científico para o desenvolvemento destas actividades de investigación é unha ferramenta fundamental para a consecución dos obxectivos desas actividades.

As últimas modificacións legislativas no ámbito laboral, como as operadas polo Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro e polo Real decreto-lei 8/2022, do 5 de abril, fan necesaria a adecuación dos mecanismos e da normativa de contratación de persoal para tarefas de investigación ou relacionadas coa investigación.

A UDC posúe o logo de excelencia HRS4R, outorgado pola Comisión Europea, que acredita o uso de procedementos aliñados coas políticas OTM-R (open, transparent and merit-based recruitment). Este selo garante que a institución está comprometida en levar a cabo procesos abertos, transparentes e baseados en méritos obxectivos.

Tendo en conta o texto da Resolución reitoral do 6 de febreiro de 2009, que establece os trámites económicos e administrativos en materia de contratación laboral con cargo a créditos do capítulo VI do orzamento de gastos da Universidade; esta normativa vén regular o procedemento de selección do persoal laboral que desenvolva actividades de investigación ou relacionadas con esta, de xeito áxil, axustado á regulación resultante da reforma laboral, así como aos criterios OTM-R do selo HRS4R.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

A presente normativa regula os procedementos para a selección e contratación de persoal laboral con cargo a fondos económicos procedentes de:

- a) Axudas e subvencións para a realización de proxectos específicos de I+D+i, acadadas en convocatorias competitivas de plans e programas públicos de I+D+i, ou, en xeral, en convocatorias públicas que teñan como destinatarios as universidades e/ou centros de investigación universitarios.



- b) Relacións de colaboración que se establezan entre as universidades e outras entidades públicas ou privadas no marco normativo establecido pola Lei orgánica de universidades.
- c) Convenios de colaboración realizados ao abeiro do artigo 34 da Lei da ciencia, a tecnoloxía e a investigación.
- d) Calquera outra vía de financiamento non incluída nas anteriores e que permita a contratación de persoal investigador ou científico-técnico, exceptuando os programas específicos de recursos humanos de investigación.

Artigo 2. Modalidade contractual

O persoal comprendido no ámbito de aplicación desta normativa vincularase coa Universidade da Coruña mediante un contrato laboral de duración indefinida ou determinada segundo a modalidade contractual que legalmente proceda.

Artigo 3. Principios informadores

A selección deste persoal realizarase en réxime de concorrencia competitiva e garantirase, nos ditos procesos, a necesaria publicidade e transparencia con sometemento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

CAPÍTULO II. CONVOCATORIAS

Artigo 4. Iniciación

A proposta de cada convocatoria de contratación realizarana as persoas investigadoras principais mediante unha solicitude dirixida *ao servizo con competencias en materia de contratación de persoal laboral financiado con cargo ao capítulo VI do estado de gastos do orzamento da UDC*. Á dita solicitude xuntaráse a correspondente retención de crédito.

Artigo 5. Contido

1. As convocatorias deberán incluír a seguinte información:
 - axuda/programa/proxecto: referencia, denominación, partida orzamentaria e duración
 - obxecto do contrato
 - lugar de traballo
 - categoría profesional
 - xornada: a tempo completo (TC) ou a tempo parcial (TP- 20 horas)
 - horario



- data prevista de inicio
- retribucións brutas mensuais
- requisitos das persoas solicitantes
- composición da comisión de selección (mínimo 3 membros)
- Memoria xustificativa das tarefas que se van desenvolver, en relación co obxecto da axuda/proxecto/programa e os criterios de valoración dos méritos das persoas aspirantes desagregados en subcriterios de ponderación que permitan respectar a obxectividade da puntuación atribuída.

Poderase establecer a realización dunha entrevista, determinar os supostos en que se realizará e a súa puntuación, que non excederá o 25 % da total proposta. A convocatoria para as entrevistas comunicaráselles ás persoas candidatas con, polo menos, 48 horas de antelación.

- Datos de contacto

3. O Servizo de Investigación (a partir de agora SERIN) revisará que as solicitudes sexan correctas e que exista crédito adecuado e suficiente para a contratación e remitirá a dita documentación ao Servizo de Asesoría Xurídica que emitirá un informe non vinculante.

Artigo 6. Publicidade

1. As convocatorias serán enviadas pola unidade tramitadora para a súa publicación no tableiro electrónico oficial da Universidade da Coruña (a partir de agora TEO), que será tamén o lugar de publicación de todas as resolucións dos procesos de contratación para os efectos de publicidade e notificación.

2. Simultaneamente, a unidade tramitadora enviará as ditas convocatorias para a súa publicación na plataforma EURAXESS (<https://euraxess.ec.europa.eu>). O anuncio deberase publicar en inglés.

3. A publicación da convocatoria incluírá as oportunas referencias ás políticas OTM-R e igualdade de oportunidades da Universidade da Coruña: <https://www.udc.es/es/investigacion/hrs4r/otmr/>

CAPÍTULO III. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E ADMISIÓN

Artigo 7. Requisitos das persoas solicitantes

1. Todas as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato:

- a) Ter nacionalidade española ou calquera outra a que as normas do Estado atribúan iguais dereitos para os efectos laborais na Administración pública.
- b) Dispor da titulación requirida e cumprir o resto de requisitos indicados na convocatoria.



- c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír a capacidade funcional necesaria para desenvolver as correspondentes funcións ou tarefas descritas na memoria
- e) Non ter sido separada a persoa solicitante mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, en que a dita persoa fora separada ou inhabilitada.

No caso de ser nacional doutro Estado, requirirase que a persoa solicitante non estea inhabilitada ou en situación equivalente, nin que fose sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

2. A contratación de persoas estranxeiras de países non comunitarios, que se formalizará para os únicos efectos de realizar tarefas de investigación ou técnicas, requirirá a presentación, no momento de asinar o contrato, do permiso de residencia e da autorización de traballo por conta allea ou da acreditación da concorrencia de causa de excepción da dita autorización, de acordo coa Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, e a súa integración social e disposicións regulamentarias de aplicación.

Artigo 8. Presentación de solicitudes de participación

- 1. As solicitudes das persoas interesadas, acompañadas da documentación sinalada na convocatoria, deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade da Coruña.
- 2. As solicitudes de participación das persoas aspirantes dirixiranse á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia no modelo establecido pola normativa reguladora dos trámites económico-administrativos en materia de contratación laboral con cargo a créditos do capítulo VI do estado de gastos do orzamento da UDC.

Ás ditas solicitudes xuntaráse a documentación necesaria para poder participar na avaliación e selección de candidaturas que incluíra, ademais da documentación específica que se solicite na convocatoria, a seguinte:

- a) currículo
- b) declaración responsable de que se cumpren os requisitos esixidos na convocatoria e da veracidade dos datos

Artigo 9. Admisión de participantes

- 1. O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da oferta no TEO, aínda que determinadas convocatorias poderán establecer, motivadamente, un prazo máis longo.



2. Tras recibir as solicitudes, a comisión de selección revisará a documentación conforme ao establecido na convocatoria e publicará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación da causa de exclusión.
3. As persoas solicitantes non admitidas disporán dun prazo de 5 hábiles para reclamar e/ou emendar a súa solicitude. Nesta fase do procedemento non se poderán reformular as solicitudes presentadas.
4. Unha vez resoltas as reclamacións por parte da comisión, esta publicará a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas con traslado ao servizo responsable da contratación.

CAPÍTULO IV. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

Artigo 10. Comisión de selección

1. A comisión de selección estará constituída por un mínimo de tres membros: o/a investigador/a principal solicitante, que a presidirá, e dúas persoas expertas no ámbito do traballo que se vaia realizar, cunha titulación igual ou superior á requirida para a contratación ofertada, e unha delas actuará como secretario/a. A convocatoria expresará a composición da dita comisión e conterá, ademais, a previsión de dúas persoas suplentes.
2. A composición das comisións cumprirá as esixencias derivadas da normativa de paridade.
3. Todos os membros da comisión serán persoal da Universidade da Coruña, sen prexuízo da posibilidade de que a comisión poida solicitar informes a persoas expertas externas.
4. Os acordos das comisións, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría.

Artigo 11 Avaliación

Tras a publicación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, o/a presidente/a da comisión procederá, no prazo de dez días hábiles, a convocala e constituíla.

Tras a constitución formal da comisión, esta procederá a valorar os méritos alegados e acreditados polas persoas candidatas consonte aos criterios de valoración/puntuación publicados na convocatoria.

A comisión redactará unha acta en que se reflectirá a puntuación desagregada por criterios e subcriterios así como a puntuación total, acadada por cada persoa aspirante, seguindo todos e cada un dos apartados dos criterios de valoración publicados.

Artigo 12. Selección

Seguidamente, formularán a súa proposta de resolución, en que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.



Esa proposta de resolución publicarase no TEO xunto coa acta das cualificacións e concederáselles a cada unha das persoas aspirantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir da publicación, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

Transcorrido o prazo de reclamacións sen que se presentase reclamación ningunha contra a proposta, esta adquirirá carácter definitivo e publicarase no TEO xunto coa acta das cualificacións con indicación expresa do seu carácter.

No caso de que presentasen reclamacións, unha vez resoltas motivadamente, a comisión publicará no TEO, xunto coa acta das cualificacións, a resolución de adxudicación definitiva da contratación convocada.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de alzada ante a persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de Investigación e Transferencia.

Artigo 13. Listas de espera

Constituirase un lista de espera coas persoas aspirantes que non resultaren propostas pola comisión de selección. Esta lista poderase empregar para futuras contratacións que teñan o mesmo obxecto e categoría dentro do proxecto ou axuda de investigación de que se trate, así como nos casos de renuncia da persoa seleccionada ou de incumprimento dos requisitos da convocatoria.

CAPÍTULO V. RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN

Artigo 14. Resolución

A persoa que ocupe a presidencia da comisión de selección remitiralle a documentación das actuacións realizadas á vicerreitoría con competencias en materia de investigación e transferencia.

Logo de recibir a documentación das actuacións realizadas pola comisión de selección, a dita vicerreitoría convocará a persoa seleccionada para a formalización do contrato.

Con carácter previo á formalización do contrato, o SERIN solicitaralles ás persoas seleccionadas os documentos orixinais xustificativos dos requisitos e dos méritos declarados.

Artigo 15. Incumprimento dos requisitos e renuncia

No suposto de que a persoa seleccionada renuncie á contratación convocada, non chegue a formalizar o contrato, non presente a declaración responsable de non estar afectada pola normativa de incompatibilidades ou non presente a solicitude de autorización de compatibilidade ou se lle denegue a dita autorización, a contratación corresponderalle á seguinte persoa segundo a orde de prelación por puntuación que figure na resolución da comisión.



Artigo 16. Formalización

1. Os contratos de traballo formalizaranse coa sinatura do vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de investigación e/ou transferencia, e terá inicio os días 1 ou 16 de cada mes.

2. Na sinatura do contrato, a persoa proposta deberá presentar no SERIN a seguinte documentación:

- fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte para estranxeiros,
- datos bancarios,
- fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social
- orixinal ou copia cotexada da súa titulación académica e
- declaración de non se atopar afectada pola normativa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas. Se a persoa tivera que solicitar fóra da UDC unha autorización de compatibilidade, con carácter xeral, adiarase a sinatura do contrato ou condicionarse a súa eficacia á efectiva obtención desta.

3. As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, no momento da sinatura do contrato, segundo proceda, ben a declaración de equivalencia á titulación e ao nivel académico esixido pola convocatoria, ben a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real decreto 967/2014, do 21 de novembro.

ENTRADA EN VIGOR

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO